



Requisitos académicos para a solicitude de bolsas de estudos no caso do alumnado que se incorpore voluntariamente ao grao.

1.- O alumnado que opte por pasar o próximo curso 2009/2010 dunha titulación en extinción ao grao e queira solicitar unha bolsa de estudos terá que cumprir os requisitos académicos segundo o expediente relativo ao ano anterior (ter superados 60% ou 80% dos créditos matriculados).

2.- O alumnado que non se poida matricular do número mínimo de créditos (60 créditos a tempo completo e 30 créditos a tempo parcial) non poderá optar a unha bolsa de estudos por incumprir os requisitos académicos: para seguir sendo beneficiario dunha bolsa deberá continuar matriculado nalgunha das titulacións actuais.

A persoa solicitante dunha bolsa non poderá gozar de dúas concesións da bolsa para o mesmo curso académico (orden EDU1901/2009 de 9 de xullo, BOE 15/07/2009): no caso de que obtivese unha bolsa de estudos para realizar un primeiro curso dunha titulación a extinguir e opte por se pasar ao grao, cando só se implante o primeiro curso do grao, non poderá optar de novo a unha bolsa sen cumprir os requisitos académicos, é decir, se non está matriculado de 60 créditos a tempo completo ou 30 créditos a tempo parcial.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

**SECCIÓN DE BOLSAS
PAVILLÓN DE ESTUDANTES
CAMPUS DE ELVIÑA**

bolsas@udc.es

Tif. 981 167 000 Ext. 1191 1187 1189 1180 1186 2362